





## INTRODUCCIÓN



### Xustificación

O CEIP “Os Muíños” está situado ao oeste da provincia da Coruña na zona da Costa da Morte, no concello de Muxía na localidade que dá nome ó colexio, a aldea de Os Muíños, parroquia de Moraime, a 4 km da capital do Concello.

O colexio ten na actualidade dúas unidades de E. Infantil, unha delas mixta (4 e 5 anos); cinco de Primaria, unha das mixta (1º-2º E.P.) e unha de Educación Especial (aula específica). É un centro rural e pequeno de 119 alumnos matriculados no curso 2020-21 e 15 mestres dos que o 53.33% son definitivos.

Aínda que levamos moitos anos traballando a partir de proxectos anuais xerados pola biblioteca, imos co quinto curso na elaboración de Proxectos Documentais Integrados. A experiencia nos proxectos anteriores: ”As viaxes”, [”Músicas a tutiplén”](#), [”Muller tiña que ser”](#) e [”Os nosos oficios”](#), levounos a seguir nesta liña de traballo, animando a todo o claustro na participación e implicación do proxecto, empregando metodoloxías activas, participativas, colaborativas e inclusivas.

Previo a elaboración das Liñas Prioritarias do curso 2020-21, todo o profesorado deseñou propostas que se levaron a votación a través dun cuestionario online (situación de confinamento). A máis votada foi “O Camiño de Santiago”, proxecto deste curso escolar baixo o lema “Facemos Camiños”.

Fíxonos moita ilusión que este fora o tema gañador porque coincidía o curso escolar co Xacobeo 2021. Consideramos que é moi importante traballar un tema como é o do Camiño de Santiago a nivel de Infantil e Primaria xa que estamos falando dun patrimonio

cultural do noso país, da nosa comunidade o cal debería coñecer todo o mundo non só pola súa beleza senón polas experiencias, polas aprendizaxes e polos valores que nos poden ser útiles ao longo das nosas vidas. É un proxecto moi completo que permite traballar moitos temas de forma ampla.

O proxecto quedou aprobado no último claustro e no Consello escolar do curso pasado. Na 1º reunión de titorías informouse ás familias da temática e obxectivos do proxecto, convidándoas a participar e a colaborar activamente nas actividades.

Neste proxecto implicouse toda a comunidade educativa. Participou a totalidade do alumnado e profesorado así como o persoal non docente e familias.



### Calendario para as tarefas previstas

O proxecto ten unha temporalización dun curso académico. Estrutúrase por trimestres en base aos eventos e commemoacións. Nas diferentes datas a celebrar en común, a Biblioteca achega propostas de traballo ofrecendo o apoio (recursos, materiais, asesoramento...) que mestres e alumnado precisan para o desenvolvemento do seu traballo nas aulas.



[1º TRIMESTRE](#)



[2º TRIMESTRE](#)



[3º TRIMESTRE](#)



### Alumnado e profesorado participante

Implicouse neste proxecto todo o profesorado (15 mestres) e todo o alumnado (119 entre Infantil e Primaria). A pesar da situación excepcional derivada da pandemia, foi un curso moi positivo e gratificante na que todo o claustro colaborou na elaboración de distintos proxectos relacionados co tema así como no desenvolvemento das actividades propostas polo equipo de biblioteca en colaboración co resto dos equipos. O EAE e EDLG

relacionou co proxecto todas as actividades trimestrais en cooperación co equipo de biblioteca.

O persoal non docente así como as familias tamén participaron nalgunhas das propostas da biblioteca.



## Elementos curriculares

 **Obxectivos:** A través do proxecto traballáronse multitud de obxectivos curriculares, destacamos os principais:

- Coñecer a historia do Camiño de Santiago.
- Profundizar no coñecemento de sete rutas do Camiño de Santiago.
- Coñecer o relieve das zonas de peregrinación de cada unha das rutas traballadas, a gastronomía...
- Coñecer culturas, tradicións, lendas, personaxes históricos, misterios...do Camiño de Santiago.
- Interpretar e aprender a orientarse nos mapas de cada unha das rutas traballadas.
- Coñecer e identificar os principais monumentos das rutas do proxecto.
- Fomentar a lectura a través de libros relacionados co proxecto.
- Aprender novo vocabulario relacionado co Camiño de Santiago.
- Aprender valores dos peregrinos: solidaridade, respecto polos demais e polo medio ambiente...
- Utilizar as novas tecnoloxías dispoñibles no centro para o desenvolvemento do proxecto.
- Fomentar o traballo en equipo como ferramenta de investigación.

→ Fomentar actitudes cotidianas de respeito, curiosidade, protección e conservación do patrimonio vinculado ao fenómeno Xacobeo.

→ Traballar a actividade física desenvolvendo contidos e elementos propios do Camiño de Santiago.

→ Utilizar a biblioteca como lugar de investigación e traballo.

→ Conseguir cidadáns responsables, autónomos, respectuosos e felices que participen de forma activa nunha sociedade inclusiva, partindo das súas capacidades, desenvolvendo o seu talento e equilibrando a súa autoestima, mediante unha metodoloxía activa, colaborativa e participativa adaptable á diversidade do alumnado.

 **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave:** nas diferentes actividades e tarefas que se foron desenvolvendo no PDI estiveron integradas en distinta medida todas as competencias básicas:

→ **Comunicación lingüística (CCL):** a través da recompilación e procesamiento da información relacionada co Camiño de Santiago e a súa expresión en traballos escritos. Tamén a través da utilización da prensa como punto de partida para a análise da información.


→ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** fomentando a habilidade de interpretar e expresar con claridade información e datos dos diferentes treitos que conforman os Camiños de Santiago (cálculo de distancias, previsión de gastos na realización dun treito do Camiño...) e na resolución de problemas.

→ **Competencia dixital (CD):** aprendendo a buscar e interpretar a información sobre os Camiños de Santiago realizando un aproveitamento adecuado das fontes de información. Utilización de pizarras dixitais, cámaras, técnica audiovisual Croma ...

- Competencias sociais e cívicas (CIC): coñecendo e comprendendo os valores que envolven os Camiño e as peregrinacións. Fomentando actitudes cotiás de respecto, protección e conservación do patrimonio ligado ao Camiño de Santiago.
- Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor (CSIEE): planificando, emprendendo e avaliando accións individuais e en grupo. Valorando o esforzo como recompensa para chegar á meta.
- Competencia para a conciencia e expresións culturais (CCEC): coñecendo e valorando as diferentes manifestacións culturais e artísticas que se atopan ao longo do Camiño de Santiago.
- Competencia para aprender aprender (CAA): obtendo información relativa ao Camiño de Santiago para transformala en coñecemento propio e integrala posteriormente no pensamento.

## TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

A temática de investigación é “O camiño de Santiago” baixo o lema “Facemos camiños”





## **DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**

Nada máis iniciar curso, o equipo de biblioteca en colaboración co resto de equipos docentes e do alumnado sempre decoran o colexio acorde ao proxecto anual: a biblioteca e o recuncho lector así como a parede da entrada principal e as escaleiras que dan acceso a cada unha das aulas. Debido á situación da pandemia, este curso non se puido levar a cabo. Non se permitiu a decoración das paredes nos andadeiros do colexio. A única zona que nos permitiron decorar foi o recuncho lector de entrada á biblioteca que este curso non se utilizou como tal pero si para mostrar as novidades.

Na primeira reunión de biblioteca decidimos cales serían as sete rutas que se ían traballar e na reunión de ciclos, cada nivel escolleu un camiño, sendo este o resultado:  
<https://facemoscaminhos.blogspot.com/2020/09/facemos-caminos.html>

Na primeira reunión do equipo de biblioteca na que asistiron os coordinadores do resto de equipos docentes acordamos relacionar co PDI todas as conmemoracións e coordinarnos todos os equipos docentes.

A participación no proxecto por parte da comunidade educativa pódese dividir en dous bloques que se complementan:

- Datas a celebrar en común: O equipo de biblioteca organizou o PDI en función das datas a celebrar en común facendo un esquema trimestral que se entregou a todo o profesorado. Neste tipo de actividades participaron todas as titorías e polo tanto, todo o alumnado desde 4º de Infantil a 6º de Primaria.
- Traballo a nivel de titorías, especialidades, departamentos...

Debido á situación derivada da pandemia, todas as actividades fixéronse a nivel de grupo aula e de xeito virtual.



- Plan anual de lectura
- [Táboa para escoller camiños](#)
- Esquemas trimestrais das actividades propostas pola biblioteca en colaboración co resto de equipos docentes. Pódense visualizar a 2ª páxina deste documento.
- [Selección de fondos](#)
- Creación e decoración do recuncho de [presentación das novidades](#).
- [Blog PDI](#). No blog facilitanse recursos principalmente para a temática do proxecto. Todas as actividades relacionadas co proxecto públicanse neste blog.
- Achegas de información e recursos para a realización das actividades propostas pola Biblioteca en colaboración co EDLG e EAE.

Exemplos: Magosto “Terror nos camiños” : [Wagner, ser mitolóxico do Camiño de Santiago](#); [Como nos preparamos para o Samaín?](#) ; [Tempos de Nadal](#); actividade proposta polo mestre de EF en colaboración co equipo de biblioteca: [“Pasiño a pasiño, facemos Camiños”](#)

- Diplomas concurso de [“Cabazas peregrinas polos Muíños camiñan”](#)
- Anunciar as actividades (blog e aulas): Festival virtual [“Nadal nos Camiños”](#); Festival virtual de Poesía [“Camiños en verso”](#), Maratón de lectura [“Lemos no Camiño”](#); exposicións orais virtuais [“Facemos Camiños; Camiño de Santiago do colexio a Muxía, festival fin de curso.](#)

→ Exemplo de creación de materiais para a entrega nas aulas e elaboración de vídeos co material aportado polos titores (técnica audiovisual Croma). [Actividade 8 M.](#)

→ Exemplo de creación de [propostas con recursos e enlaces](#) que se entregan ao profesorado (previo á elaboración das actividades grupais) Equipo de biblioteca.

→ Exemplo de materiais de [busca de información](#) para a realización das actividades propostas pola Biblioteca.

→ [Mapas interactivos.](#)

→ [Desmontando Santiago de Compostela](#)

→ [Músicas do Camiño](#)

→ Cuestionarios de avaliação das actividades realizadas (mestres e alumnado)

MESTRES: [1º TRIMESTRE](#) / [2º TRIMESTRE](#) / [3ºTRIMESTRE](#)

ALUMNADO: [1º TRIMESTRE](#) / [2º TRIMESTRE](#) / [3º TRIMESTRE](#)



**1º TRIMESTRE**

## OUTUBRO

→ O alumnado de 3º E.P. na materia de Ed. Artística (plástica). Elaboraron os materiais para facer a primeira publicación dos Camiños elixidos por cada titoría.

→ Concurso (alumnado/familias) ["Cabazas peregrinas polos Muíños camiñan"](#)

→ Exposición concurso de cabazas. [PREPARACIÓN](#) - [EXPOSICIÓN](#)

## NOVEMBRO

→ Creación contos de medo “Terror nos Camiños”. (Todo o alumnado de Infantil a 6º E.P.)

→ Preparando obra de teatro (materiais). Materia Plástica 3º E.P.

→ Materiais para sección da biblioteca “Creacións propias” (contos de terror). Só entregou a titora de 1º-2º E.P. O resto dos cursos están entregando esos materiais no mes de xuño, despois de finalizar as clases.

→ Símbolos do Camiño (alumnado 3º E.P. na materia de ED. Artística (Plástica))

## DECEMBRO

→ Elaboración dunha árbore “Nadal nos Camiños” de frechas amarelas co nome de lugares dos camiños escollidos por cada titoría. (Todo o alumnado de EI e EP).

→ Alumnado de 3º na materia de Plástica (“Xacobeo 2021”).

→ Festival virtual “Nadal nos Camiños” (obras de teatro e documentais de elaboración propia, panxoliñas adaptadas...). **Presentación virtual do festival (Voluntariado da biblioteca).**



## 2º TRIMESTRE



## FEBREIRO

→ “No entroido camiñamos”. Tomando como referencia a canción “A saia da Carolina” entre todo o alumnado de EI e EP inventaron a letra relacionada con cadanxeu camiño.

→ “O Camiño rosaliano”. Entre todos os cursos fixeron un percorrido polos lugares más singulares da vida da poetisa. O equipo de biblioteca repartiu unha ruta por aula achegando recursos e enlaces. Coa colaboración de todo o alumnado elaborouse un vídeo coa técnica audiovisual Chroma.

## MARZO

- ➡ Tareas realizadas polo alumnado de 5º E.P. inscrito no programa “[Prensa-escola](#)” relacionado co PDI.
- ➡ “Pasiño a pasiño facemos camiños” : [De Santiago a Negreira](#); [De Ferrol a Neda](#); [De Oviedo a San Juan de Villapañada](#); [Chegando a Neda](#); [De Lisboa a Alpriaite](#); [De Roncesvalles a Zubiri](#); [De Ribadeo a Lourenzá](#);
- ➡ “[Abrindo camiños](#)”: Tomando como referencia a campaña #nomorematildas rendeuse homenaxe a 7 mulleres inventoras esquecidas na historia. Partindo da pregunta “Sabes quen inventou?” o alumnado investigou sobre a vida de sete mulleres e os seus logros. O equipo de biblioteca aportou os materiais necesarios para levar a cabo a actividade. Coa colaboración de todo o alumnado elaborouse un vídeo coa técnica audiovisual Croma. **O Voluntariado da biblioteca participou facendo unha presentación virtual da actividade.**
- ➡ Festival de Poesía “[Camiños en verso](#)”. Cada curso, desde 4º E.I a 6º E.P. inventou un poema relacionado co seu camiño. Fíxose un recitado virtual. **O Voluntariado da biblioteca presentou a actividade.**



## 3º TRIMESTRE



## ABRIL

- ➡ Semana do libro “[Lemos no camiño](#)” (Celebración Día do Libro 2021). Fíxemos un maratón de lectura no que participou alumnado de Primaria, mestres e persoal non docente. As lecturas protagonistas estaban relacionadas co proxecto.
- ➡ [Semana escolar dos Camiños de Santiago](#). Tarefa realizada polo alumnado de 5º E.P.

## XUÑO

- Exposición virtual [O CAMIÑO INGLÉS](#) (4º5º Infantil). [Cartel invitación](#)
- Exposición virtual [O CAMIÑO DO NORTE](#) (6º Infantil). [Cartel invitación](#)
- Exposición virtual [O CAMIÑO PRIMITIVO](#) ( 1º2º E.P.) [Cartel invitación](#)
- Exposición virtual [DE SANTIAGO A MUXÍA](#) ( 3º E.P.) [Cartel invitación](#)
- Exposición virtual [O CAMIÑO PORTUGUÉS](#) (4º E.P.) [Cartel invitación](#)
- Exposición virtual [O CAMIÑO FRANCÉS](#) ( 5º E.P.) [Cartel invitación](#)
- Exposición virtual [A VÍA DA PRATA](#) (6º E.P.) [Cartel invitación](#)
- [Camiño de Santiago do colexio ata Muxía](#) (alumnado 5º E.P.).
- [Decálogo do peregrino](#) (alumnado 3º E.P.)
- [A “Oca do Camiño”](#) (alumnado 6º E.P.) [Guion](#)
- [Remate do camiño](#) (festa fin de curso)

## RECURSOS UTILIZADOS

- Recursos web: no blog do PDI [“Facemos Camiños”](#) están aloxados os recursos relativos ao proxecto.
- A biblioteca como centro de recursos imprescindibles para o traballo por proxectos: ordenadores; telón verde para utilizar o recurso Croma; programas de edición de vídeo e de son; horas de titoría reservadas para biblioteca; notas de comunicación de actividades; fondos bibliográficos de narrativa e consulta relacionados co proxecto; Voluntariado; recuncho da entrada da biblioteca como expositorio; cámara de fotos; tablets e lectores electrónicos; proxecto Scornabot; proxecto Radio na biblio; programa Prensa-escola; internet.

- Materiais da aula: pizarras dixitais, proxectores, ordenadores (EDIXGAL), muráis...
- Claustros, reunións de equipo, CCP e CICLOS.
- Recursos humanos: comunidade educativa. Dada a situación da pandemia non foi posible levar a cabo visitas de persoeiros relacionados co proxecto.
- Saída alumnado 5º E.P.: Camiño de Santiago do colexiو a Muxía.
- Redes sociais [Facebook da biblioteca](#); prensa “[Que pasa na costa](#)”.
- Blog da biblioteca, EDNL, EAE, Biblioteca Creativa.
- Teléfono, correos electrónicos, ABALAR.

### IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Aínda que a situación vivida este curso, a todos os niveis, foi complicada, o PDI puido levarse a cabo grazas ao apoio do Equipo Directivo e claustro en todas as propostas da biblioteca.

Todas as aulas participaron no proxecto, polo que a implicación dos mestres e alumnado foi do 100%.

Traballaron conciuntamente e colaboraron co equipo de biblioteca o EDNL e EAE.

O persoal non docente colaborou en distintas actividades, entre elas, na celebración do Día do Libro “Lemos no camiño”.

As familias colaborando en moitas das actividades. Participaron no concurso “Cabazas peregrinas polos Muíños camiñan”. Tamén cooperaron sempre que se solicitou material para a realización das actividades.

Na actividade realizada o alumnado de 5º E.P. (Camiño de Santiago desde o colexio a Muxía) implicouse protección civil, persoal da Oficina de Turismo e Autocares Caamaño.

### DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A ferramenta principal de difusión dos nosos traballos á comunidade educativa son os blogs:

**WEB DO CENTRO**

**VOLUNTARIADO**

Facebook da biblioteca



**B. CREATIVA**

**EDNL**



### AVALIACIÓN REALIZADA. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS

Observar o grado de implicación dos mestres e alumnado nas dinámicas de aula e o seu nivel de involucración nas propostas da Biblioteca así como analizar a calidade dos traballos finais ofrécenos unha información moi valiosa acerca do grado de aproveitamento do proxecto.

En canto á avaliación do grao de cumprimento dos obxectivos máis relacionados coa educación en valores e o fomento de actitudes de respecto e protección do patrimonio, concluímos con éxito se ao rematar este proxecto despertamos na comunidade educativa a curiosidade polo Camiño de Santiago suficiente como para animalos a levar á práctica real todo o que aprenderon. É decir, para decidirse a organizar e emprender o percorrido dunha parte ou incluso todo o Camiño e vivilo como unha experiencia completa.

Elaboráronse cuestionarios trimestrais para avaliar, alumnado e mestres, as actividades propostas pola biblioteca en colaboración co resto de equipo de docentes.



1º TRIMESTRE:



[ALUMNADO](#)



[MESTRES](#)



2º TRIMESTRE:



[ALUMNADO](#)



[MESTRES](#)



3º TRIMESTRE:



[ALUMNADO](#)

A “Xincana do Camiño” (a través do xogo avalíanse os contidos traballados ao longo do curso) non foi posible levala a cabo debido á situación da pandemia.

### **FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

A biblioteca escolar foi o eixe condutor da posta en marcha do proxecto “Facemos camiños” aportando documentos; coordinando as actividades cos outros equipos; buscando e seleccionando información; facilitando materiais e recursos; aportando fondos bibliográficos relacionados co proxecto; creando espazos de traballo e investigación; ampliando material informático; documentando, editando e difundindo

todos os traballos elaborados polo alumnado. En definitiva, a Biblioteca escolar en consonancia cos demais equipos guiou e motivou a toda a comunidade educativa.

Remate do camiño no último claustro no que a Directora fixo un balance persoal do curso, botando man do PDI “Facemos camiños”. Ver [AQUÍ](#)

Somos conscientes de que todo é mellorable e de que cada ano intentaremos facelo un pouco mellor pero tamén de que fixemos un bo traballo grazas a colaboración, participación e implicación do claustro, alumnado, persoal non docente, familias, equipos docentes e da dirección do centro. Por todo iso, pensamos continuar nesta liña de traballo e ser cada vez máis eficientes no deseño e realización de Proxectos Documentais Integrados.

BO CAMIÑO!

Os Muíños, 8 de xullo de 2021

A responsable da biblioteca

María José Abelleira Pequeño



Vº e P. da Directora

Aurelia Mª Picallo Merlán